



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Abril 2018

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Abril 2018

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta en Galicia un 0,7% en abril de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, o mesmo que en España.
- Por produtos, a Alimentación rexistra un incremento nas vendas do 0,2% e o Resto de produtos do 0,9%.
- En doce comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 1,7% no mes de abril de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, unha décima menos que no conxunto de España (1,8%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 0,8% tanto en Galicia como no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en todas as comunidades autónomas agás Andalucía e Castilla – La Mancha.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 0,7% no mes de abril, o mesmo que a nivel nacional.


O índice xeral sen estacións de servizo crece o 0,6% respecto a abril de 2017. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta as súas vendas un 0,2% e achega 0,1 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas en Alimentación diminúen un 0,2%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 0,9% e achega 0,5 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional as vendas aumentan o 1,2%.

Nos primeiros catro meses do ano, o índice xeral aumenta en Galicia un 2,0%, tres décimas máis que en España (1,7%). Tanto as vendas en Alimentación como no Resto de produtos crecen máis en Galicia que no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 0,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

En doce comunidades autónomas aumentan as súas vendas en abril. Os maiores crecementos danse en agás Madrid (3,3%) e Aragón (3,1%).

Os maiores descensos rexístranse en Castilla y León (-1,6%), Cantabria (-1,4%) e Cataluña (-1,0%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Abril 2018

Taxas de variación en %



Nos catro primeiros meses do ano, en todas as comunidades autónomas aumentan as vendas agás Castilla y León (-0,1%). Os maiores incrementos rexístranse en Aragón (4,2%) e La Rioja (3,0%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de abril de 2018, un crecemento do 1,7% en Galicia, unha décima inferior ao de España (1,8%).

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta en Galicia un 1,2% e en España un 1,3%. Desagregando por produtos, a Alimentación aumenta as vendas o 1,5%, tanto en Galicia como a nivel nacional. O Resto de produtos crece menos en Galicia (1,0%) que no conxunto de España (1,2%).

Índices de comercio polo miúdo. Marzo 2018

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	103,1	3,2	2,7
Xeral sen estacións de servizo	102,9	3,3	2,7
Alimentación	103,0	3,4	2,9
Resto	102,4	3,2	2,5

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	3,3	2,7
Xeral sen estacións de servizo	1,5	1,6
Alimentación	1,8	1,0
Resto	1,5	1,6

Nos catro primeiros meses do ano, o índice xeral crece un 2,5% en Galicia, tres décimas máis que no conxunto de España (2,2%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 0,8% no mes de abril en Galicia, o mesmo que en España.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 0,8% en Galicia e un 0,9% no conxunto do Estado.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en abril en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Asturias (4,1%), Illes Balears (2,9%) e Canarias (2,4%).

A ocupación diminúe en dúas comunidades autónomas: Andalucía (-0,7%) e Castilla - La Mancha (-0,4%).

No que vai de ano, os maiores incrementos da ocupación rexístranse en Asturias (3,8%) e Canarias (3,0%). En senso contrario, en dúas comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado: Castilla - La Mancha (-0,6%) e Andalucía (-0,4%).

Índice xeral de ocupación. Abril 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Abril 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	100,2	1,7	2,5	98,2	0,7	2,0
Xeral sen estacións de servizo	99,4	1,2	2,3	97,7	0,6	2,1
Alimentación	99,0	1,5	2,6	95,2	0,2	1,5
Resto	99,1	1,0	2,1	99,4	0,9	2,7
España						
Xeral	101,8	1,8	2,2	99,9	0,7	1,7
Xeral sen estacións de servizo	101,2	1,3	2,0	99,6	0,6	1,7
Alimentación	102,6	1,5	2,6	98,9	-0,2	1,2
Resto	100,0	1,2	1,6	100,2	1,2	2,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Abril 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	107,8	1,7	2,2	106,2	0,9	1,8
Xeral sen estacións de servizo	107,4	1,2	2,0	105,9	0,6	1,8
Alimentación	104,7	3,2	2,2	100,4	1,9	1,3
Resto	109,0	0,0	1,9	109,7	0,1	2,2
España						
Xeral	107,1	1,5	2,1	105,5	0,5	1,5
Xeral sen estacións de servizo	106,6	0,8	1,9	105,2	0,2	1,5
Alimentación	106,7	2,1	2,4	103,1	0,8	1,1
Resto	106,1	-0,2	1,4	106,8	-0,2	1,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Abril 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	101,8	1,8	2,2	99,9	0,7	1,7
Andalucía	101,4	1,5	2,2	99,5	0,6	1,7
Aragón	102,1	4,2	4,7	100,3	3,1	4,2
Asturias	98,9	1,7	2,3	97,5	1,1	2,1
Balears, Illes	105,1	0,9	2,3	103,4	0,1	1,9
Canarias	103,7	2,2	3,3	101,9	0,9	2,2
Cantabria	97,9	-0,1	1,4	96,2	-1,4	0,8
Castilla y León	97,3	-0,5	0,3	95,8	-1,6	-0,1
Castilla-La Mancha	103,2	2,9	2,3	101,0	1,7	1,7
Cataluña	99,1	0,4	1,3	96,3	-1,0	0,3
Comunitat Valenciana	101,6	0,1	1,6	100,3	-0,7	1,3
Extremadura	97,6	1,2	1,7	96,1	0,3	1,4
GALICIA	100,2	1,7	2,5	98,2	0,7	2,0
Madrid	106,7	4,5	3,5	105,1	3,3	2,8
Murcia, Región de	103,5	0,3	1,5	101,7	-0,2	1,4
Navarra	103,9	2,4	2,8	102,5	1,5	2,5
País Vasco	100,9	3,5	2,6	98,7	2,5	2,2
Rioja, La	103,4	2,4	3,3	101,4	1,5	3,0
Ceuta	97,3	-0,6	-0,4	95,2	-0,7	-0,3
Melilla	99,8	1,8	1,2	97,4	1,1	0,8

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Abril 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	101,8	0,8	0,8
Xeral sen estacións de servizo	101,5	0,8	0,8
España			
Xeral	102,5	0,8	0,9
Xeral sen estacións de servizo	102,5	0,7	0,9

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Abril 2018

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	102,5	0,8	0,9
Andalucía	100,4	-0,7	-0,4
Aragón	101,9	0,1	0,4
Asturias	105,5	4,1	3,8
Balears, Illes	107,9	2,9	2,1
Canarias	106,7	2,4	3,0
Cantabria	100,7	1,1	0,7
Castilla y León	101,7	0,5	0,4
Castilla-La Mancha	100,3	-0,4	-0,6
Cataluña	101,2	0,5	0,6
Comunitat Valenciana	104,5	1,5	2,0
Extremadura	101,4	0,7	0,8
GALICIA	101,8	0,8	0,8
Madrid	103,9	1,4	1,5
Murcia	103,1	1,2	1,3
Navarra	101,5	0,1	0,1
País Vasco	101,6	0,4	0,0
Rioja, La	103,1	1,2	1,8
Ceuta	101,8	1,4	2,2
Melilla	103,1	1,8	1,8

Fonte: INE